



PROXECTO

EDUCATIVO DE CENTRO

CEIP "FILOMENA DATO"

A VALENZÁ-BARBADÁS-OURENSE

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN E MARCO LEGAL
2. CARACTERÍSTICAS DA CONTORNA
 - 2.1.DATOS IDENTIFICATIVOS
 - 2.2.DESCRICIÓN DA CONTORNA
 - 2.3.SITUACIÓN SOCIOECONÓMICA DAS FAMILIAS
3. ORIXE E INSTALACIÓNS DO CENTRO ESCOLAR
4. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO
 - 4.1.UNIDADES DO CENTRO E ALUMNADO
 - 4.2.PROFESORADO
 - 4.3.HORARIO
5. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS QUE OFERTA O CENTRO
 - 5.1.COMEDOR
 - 5.2.BOS DÍAS COLE
 - 5.3.ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES
6. FINS EDUCATIVOS
 - 6.1. OBXECTIVOS A DESENVOLVER
 - 6.2. PRINCIPIOS E DIRECTRICES QUE VAN MARCAR A PAUTA NESTE CENTRO
7. ORGANIZACIÓN DO CENTRO
 - 7.1.ÓRGANOS DE GOBERNO
 - 7.1.1. UNIPERSOAIS: EQUIPO DIRECTIVO
 - 7.1.2. COLEXIADOS: CLAUSTRO E CONSELLO ESCOLAR
 - 7.2.ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE
 - 7.2.1. EQUIPOS DE CICLO
 - 7.2.2. COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA
 - 7.2.3. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA
 - 7.2.4. EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES
 - 7.2.5. DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN
 - 7.2.6. EQUIPO DE BIBLIOTECA
 - 7.3.PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS
 - 7.4.ASOCIACIÓN DE NAIS/PAIS
8. CRITERIOS PARA O AGRUPAMENTO DO ALUMNADO EN EDUCACIÓN INFANTIL
9. MEDIDAS PEDAGÓXICAS PARA O PERÍODO DE ADAPTACIÓN EN EDUCACIÓN INFANTIL
 - 9.1.RESPONSABILIDADES
 - 9.2.PROCEDEMENTO
10. CRITERIOS PARA A PLANIFICACIÓN DOS ESPAZOS EN EDUCACIÓN INFANTIL
 - 10.1. TIPOS DE ESPAZOS
 - 10.2. CARACTERÍSTICAS DOS ESPAZOS
 - 10.3. CRITERIOS
11. CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN DO TEMPO EN EDUCACIÓN INFANTIL

- 11.1 CARACTERÍSTICAS**
- 11.2 CRITERIOS**
- 12. CONCRECIÓN CURRICULAR**
 - 12.1. ADECUACIÓN DOS OBXECTIVOS DE ETAPA**
 - 12.2. DISTRIBUCIÓN HORARIA DAS MATERIAS**
 - 12.3. CONTRIBUCIÓN DE CADA ÁREA Á CONSECUCIÓN DAS COMPETENCIAS PARA A ETAPA**
 - 12.4.MATERIAS CURRICULARES**
 - 12.5. METODOLOXÍA**
- 13. PROGRAMACIÓN DOCENTES**
 - 13.1.PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN E. INFANTIL**
 - 13.2.PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA E. PRIMARIA**
- 14. EDUCACIÓN EN VALORES**
 - 14.1.OBXECTIVOS CURRICULARES TRANSVERSAIS**
 - 14.2.ACTIVIDADES CURRICULARES TRANSVERSAIS**
- 15.LÍÑAS XERAIS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**
- 16. AVALIACIÓN**
 - 16.1.AVALIACIÓN EN E. INFANTIL**
 - 16.2.AVALIACIÓN EN E. PRIMARIA**
- 17.LÍÑAS XERAIS DO PLAN DE ORIENTACIÓN E ACCIÓN TITORIAL**
- 18.POTENCIACIÓN DAS RELACIÓNS COAS FAMILIAS E ASOCIACIÓNS LOCAIS**
- 19.CORDINACIÓN ENTRE ETAPAS E NIVEIS**
- 20.COMEDOR ESCOLAR. PROTOCOLO DE FUNCIONAMENTO**
- 21. PLANS E PROXECTOS DO CENTRO**
- 22. AVALIACIÓN DO PE**

1. INTRODUCCIÓN E MARCO LEGAL

A normativa a ter en conta á hora da elaboración do Proxecto Educativo é a seguinte:

- **Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE).**
- **Decreto 330/2009, do 4 de Xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.**
- **Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.**
- **Decreto 374/1996, do 17 de outubro polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.**
- **Orde de Regulamento nos centros do 22 de xullo de 1997.**
- **Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non Universitario de Galicia.**
- **Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.**
- **Decreto 229/2011, do 7 de Decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.**

Un dos nosos principios vai ser **o de formar cidadáns**, tendo como pilar básico a **tolerancia e o respecto** polos demais, dos que forman parte da nosa Comunidade educativa e do mundo que nos rodea. Tamén queremos ter un colexio saudable, coidando a alimentación do noso alumnado (a través do comedor) e fomentando o exercicio físico, para instaurar bos hábitos que sexan positivos para o desenvolvemento da personalidade e capacidades do alumnado.

Seguir potenciando a **innovación educativa** a través da continuidade en distintos proxectos: **Seccións Bilingües**, este curso podemos contar de novo coa aplicación do **Programa de Auxiliar de conversa**, para reforzar as destrezas orais da primeira lingua estranxeira no noso alumnado; desenvolver e potenciar un curso máis, dentro do Plan Proxecta (“Xogade”) que o alumnado e membros da Comunidade educativa, veñan ao colexio, andando, en bicicleta, patinete, transporte compartido,...

Dar resposta ao regulado na Lei Orgánica de Educación LOMCE, para seguir tendo a **media hora de tempo de Lectura** que esta establece e potenciar a promoción da lectura (Proxecto lector de centro) así como promover a Biblioteca escolar como instrumento fundamental para o desenvolvemento do Proxecto lector.

Unha das nosas prioridades será atender a toda a diversidade cultural do noso alumnado aplicando un sistema de reforzos para mellorar as **competencias clave**; todo isto potenciando **as novas tecnoloxías** e desenvolvendo o Decreto do Plurilingüismo coa potenciación da presenza e maior exposición da lingua galega e a recuperación dos xogos tradicionais tendo en conta o que se programe dende o EDLG.

Pretendemos que o CEIP Filomena Dato, sexa un lugar de aprendizaxe e de convivencia no que o esforzo e o respecto a todos impregne todas as relacións persoais que teñan lugar no colexio.

Nesta tarefa tentaremos conseguir a colaboración e implicación de todos os sectores: profesorado, familias, institucións, Concello, asociacións, e apoiárenos nos seguintes pilares básicos: equidade, atención á diversidade, que a diversidade cultural sexa un elemento enriquecedor, apertura ao entorno, sociedade da información, calidade educativa, a convivencia e coa idea que queremos potenciar: formar cidadáns libres, responsables, solidarios, comprometidos e dar coas claves de vivir en paz.

O proxecto educativo do Centro (P.E.) será elaborado polo equipo directivo tendo en conta as propostas de concrecións curriculares aprobadas polo claustro. Posteriormente será aprobado polo Consello Escolar.

Unha copia do P.E. quedará na secretaría a disposición de toda a comunidade educativa, outro exemplar entregáraselle á ANPA e un terceiro remitirase á inspección educativa.

2. CARACTERÍSTICAS DO CONTORNO

2.1. DATOS IDENTIFICATIVOS

Nome: C.E.I.P. "Filomena Dato"

Dirección: Rúa do Ensino, Nº 4 - CP 32890 – A Valenzá - Barbadás. Ourense.

Teléfono e Fax: 988244869

E-mail: ceip.filomena.dato@edu.xunta.es

Titularidade: Colexio Público de Educación Infantil e Primaria dependente da Consellería de Cultura, educación e Universidade da Xunta de Galicia.

Niveis educativos que se imparten: Educación Infantil e Primaria.

Horario xeral: Xornada continua.

De apertura e peche do Centro: 07:30 a 17:30.

Horario lectivo: de 09:15 a 14:15 horas, de setembro a xuño.

Horario de comedor: de 14:15 a 15:15 horas, de setembro a xuño.

Actividades extraescolares: de 15:30 a 17:30 horas, os luns, mércores e xoves.

O centro leva o nome dunha poetisa, Filomena Dato Murais, nacida en Ourense o vinte e seis de xullo de 1856. Colaborou no movemento literario que se viña desenvolvendo na cidade de Ourense durante a segunda metade do XIX. Poeta bilingüe, moitas das súas composicións foron premiadas en diversos certames. No ano 1891 publicou en lingua galega o libro de poesía "Follatos" nunha imprenta ourensá. Foi amiga de Lamas Carvajal e escribiu nas páxinas do periódico "El Heraldo Gallego". Finou en Moruxo, na ría coruñesa de Sada, o 27 de febreiro de 1926.

2.2. DESCRICIÓN DA CONTORNA

O Concello de Barbadás está situado no centro sur de Galicia e no centro oeste da provincia de Ourense. Limita polo norte, co Concello de Ourense; polo leste, cos Concellos de Ourense e San Cibrao das Viñas; polo sur, co Concello da Merca; e polo Oeste, co Concello de Toén.

O municipio de Barbadás, está formado por 24 entidades singulares de poboación, clasificadas en: unha vila (Bentraces), doce lugares, seis aldeas e cinco casais, atópase integrado na provincia, partido xudicial e diocese de Ourense. Na actualidade, as súas localidades máis significativas son: A Valenzá, Piñor, Sobrado,


Barbadás, Bentraces, Parada, Loiro, Finca Fierro, As Lamas, Fonsillón, Vilaescusa, A Cal, Santa Uxía, Pontón.

Se facemos unha análise socioeconómica , podemos comprobar como o padrón municipal evolucionou dende os 360 habitantes de 1571 aos máis de 11.158 censados na actualidade según o I.G.E a 01/01/2016 (5184 homes e 5454 mulleres), pasando por 3220 en 1845, 3705 en 1887, 3825 en 1900 e 4397 en 1940, caíndo en picado dende esta data ata os 3795 de 1975, debido fundamentalmente ás penurias da posguerra e á masiva emigración posterior. A recuperación do mesmo quedará definitivamente acreditada cando no 1990 alcance a cifra de 4800 censados. Dende 1996, rexistra aumentos importantes, chegando aos 5239 ese ano, rozando os 6000 en 1998 e superando en 1999 os 6500. Na actualidade o padrón superou amplamente os 10.000 habitantes.

Conta cun patrimonio artístico – cultural abundante e variado, sendo de especial relevancia os pazos de Bentraces (S. XV) e o de Piñor (S.XVI) así como a igrexa de San Martiño de Loiro (S.XII) mostra do románico galego.

Todo isto témolo que ter en conta á hora de facer o estudo sociolingüístico e tamén para realizar o proxecto, incluíndo contidos do patrimonio e medio ambiente entre outros.

MAPA DO CONCELLO



2.3.SITUACIÓN SOCIOECONÓMICA DAS FAMILIAS

Os veciños de Barbadás traballan fundamentalmente na construción, o comercio, os servizos e a industria, quedando nas últimas décadas a agricultura e a gandería relegadas aos últimos lugares do ranking municipal das diferentes dedicacións laborais.

Atopámonos con que a maior parte dos pais e nais do alumnado só posúen os estudos elementais ou medios, sendo unha minoría os que realizaron estudos universitarios.

Con todo isto podemos concluir que o nivel socioeconómico e cultural das familias é, en xeral, medio-baixo.

2.4. LINGUA EMPREGADA

En relación ao galego no noso concello, nunca houbo grandes problemas coa competencia oral, cun uso que se mantivo vivo de maneira xeneralizada nos círculos familiares. De feito, todas as sondaxes sociolingüísticas coinciden en que practicamente todos os cidadáns declaran que entenden o galego e, aínda que os que afirman que son quen de falalo é un pouco menor, representan a inmensa maioría da poboación.

Outra cousa ben distinta é a capacidade para ler e escribir en galego; así, observamos como as destrezas escritas son minoritarias nos cidadáns de máis idade e que aumentan considerablemente nas xeracións máis novas.

Polo que se refire ao uso habitual que se fai na actualidade das dúas linguas oficiais de Galicia, as investigacións realizadas demostran que o galego é tamén a lingua maioritaria nas parroquias rurais e nas persoas maiores de 30 anos, sendo esta proporción moito menor na parroquia da Valenzá, limítrofe con Ourense e cunha poboación moi nova, onde o predominio do castelán é substancialmente maior que o do galego.

Porén, estas porcentaxes varían de maneira considerable se as distribuímos por colectivos de idade, de residencia ou de nivel sociocultural.

Segundo a idade:

O uso da lingua galega é maioritario en case todos os grupos de idade, pero perde protagonismo segundo nos achegamos as xeracións máis novas.

Mentres o 85% dos maiores de 65 anos falan só ou máis en galego, esta porcentaxe redúcese gradualmente nos outros tramos de idade, de maneira que no colectivo de entre 16 e 25 anos os que falan única ou predominantemente en castelán xa superan aos que o fan só ou preferentemente en galego. Os usos bilingües con predominio do castelán son tamen máis frecuentes nas xeracións máis novas, o que podería supoñer un paso intermedio cara ao monolingüismo en castelán.

Segundo o lugar de residencia:

O galego é absolutamente dominante no medio rural (o 87% falan única ou preferentemente en galego), mentres que estas porcentaxes baixan bastante en A Valenzá (43%) onde os usos exclusivos ou predominantes do galego son superados, parcialmente, polos do castelán. Porén observase que as familias máis novas diríxense aos seus cativos e cativas maioritariamente en castelán aínda residindo no medio rural.

Segundo o nivel sociocultural:

O galego domina claramente entre os falantes que teñen menos estudos, equilibrándose bastante entre os que fixeron estudos medios, e sendo superado polo castelán entre os de formación universitaria.

NO CENTRO EDUCATIVO

A presenza da lingua galega na documentación administrativa, no rotulado do centro e nas notas informativas dos taboleiros é do 100%.

O emprego da lingua galega nas comunicacións orais e escritas co alumnado, coas familias e con outras institucións é moi alta.

Nas interaccións co alumnado en contextos informais emprégase máis o galego, pero tamén se usa o castelán.

O persoal non docente emprega maioritariamente a lingua galega. A ANPA usa a lingua galega.

Nas actividades extraescolares emprégase o galego.

3. ORIXE E INSTALACIÓNS DO CENTRO ESCOLAR

O Centro atópase nunha zona moi urbanizada, no medio de edificacións de catro alturas. Comezou o seu funcionamento no curso 1998/99. No curso 2000/01, fíxose unha ampliación do edificio engadindo a 3ª planta.

O edificio principal ten catro alturas e no exterior completando o conxunto atópase o polideportivo e os patios de recreo.

PLANTA BAIXA

Nesta planta baixa, ou soto, atópanse :

- 3 aulas de E. Infantil
- 1 aula de psicomotricidade
- O comedor escolar xunto coa cociña e os almacéns
- Servizos con lavabos.

PRIMEIRA PLANTA

Nesta planta, atópanse :

- Salón de actos- Sala de usos múltiples
- Conserxería
- Aula de informática
- Biblioteca
- Despachos (secretaría, xefatura de estudos e dirección)
- almacén de material escolar.
- Sala de mestres/as
- Aula de PT
- Servizos con lavabos

SEGUNDA PLANTA

Nesta planta atópanse :

- 3 aulas de E. Infantil

- 2 aulas de 1º nivel de E. Primaria
- 2 aulas de 2º nivel de E. Primaria
- 2 aulas de 3º nivel de E. Primaria
- 1 aula de convivencia (ás veces tamén aula de AL)
- Servizos con lavabos

TERCEIRA PLANTA

Nesta planta atópanse :

- 2 aulas de 4º nivel de E. Primaria
- 2 aulas de 5º nivel de E. Primaria
- 2 aulas de 6º nivel de E. Primaria
- Aula de Inglés
- Aula de Música
- Aula de Relixión
- Despacho de Orientación
- 1 aula de AL
- Servizos con lavabos

Nun edificio independente está o ximnasio. O Centro conta con dous patios cubertos, un para E. Primaria e outro máis pequeno para E. Infantil. Tamén hai un areeiro, unha zona de tobogán e un horto (VOZ NATURA), no patio de E. Infantil.

O centro ten unha Biblioteca, e estivo no PLAMBE dende o ano 2010 ata xuño de 2016.

Hai unha aula de Informática que xoga un papel importante no desenvolvemento do Plan TIC do centro.

4. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO

4.1. Unidades do centro e alumnado

Segundo o catálogo de postos de traballo, este é un centro de 18 unidades, 6 de Educación Infantil e 12 de E. Primaria. Hai 29 postos de traballo:

Na actualidade hai 308 alumnos/as. É un centro de dobre liña, dous grupos por nivel. A ratio vense mantendo nos últimos cursos nunha media de 18 alumnos/as por aula.

O alumnado procede da área de influencia do centro, que ven sendo a case totalidade do casco urbano de A Valenzá. Nos últimos anos incrementábase a presenza de alumnado procedente do estranxeiro.

4.2. Profesorado

O catálogo de postos de traballo do centro é de 29 profesores (unha persoa con destino provisional, unha de AL e unha PT de Atención Preferente), correspondendo ás seguintes especialidades :

- **E. Infantil 8**

- E. Primaria ... 11
- E. Física ... 2
- E. Musical ... 1
- L. Francesa .. 1
- L. Inglesa ... 2
- P. Terapéutica 1
- A.L. ...2
- Orientador/a... 1
- Relixión...1
- PT de Atención preferente...1

4.3. Horario

A xornada escolar é continuada dende o ano 2002. O horario é o seguinte :

| SESIÓN | HORARIO SETEMBRO A XUÑO |
|-----------|-------------------------|
| 1ª SESIÓN | 09:15 a 10:10h |
| 2ª SESIÓN | 10:10h a 11:05h |
| 3ª SESIÓN | 11:05h a 12:00h |
| RECREO | 12:00h a 12:30h |
| 4ª SESIÓN | 12:30h a 13:25h |
| 5ª SESIÓN | 13:25h a 14:15h |

5. SERVICIOS COMPLEMENTARIOS QUE OFERTA O CENTRO

5.1. Comedor

O Comedor escolar atende ao alumnado de A Valenzá que o solicita. É un comedor de tipo C, de xestión directa con 202 comensais. Actualmente o número de prazas autorizadas é de 188 (este curso).

Está organizado polo Centro, sendo o/a Director/a e un/unha mestre/a encargado/a da organización do mesmo. Colaboran unha mestra e sete pais/nais de alumnos/as na vixilancia do mesmo.

Os menús, que se publican na páxina web, son distintos para cada mes, baseados nunha dieta variada e equilibrada.

5.2. Bos días cole

No curso 2003-04, comenzo a funcionar o **Bos días cole** (para os que o solicitan) dende as 07:30 h. da mañá, xestionado polo Concello.

É un servizo ofertado polo Concello de Barbadás (Concellería de Cultura).

O horario abrangue desde as 07:30h ata as 09:15h, que comezan as clases.

Do coidado dos nenos/as encárganse tres persoas.

Todos os alumnos/as usuarios do servizo "Bos días, cole" pagan unha cantidade mensual.

Ademáis, para algún imprevisto que poida xurdir, os restantes pais/nais poden

facer uso deste servizo, 5 días ao mes, aboando a cantidade que estipula o Concello.

5.3.Actividades complementarias e extraescolares

Actividades extraescolares todos os luns, mércores e xoves de 15:30 h a 17:30 h.

Os mestres/as que estén de garda, pasarán lista aos nenos/as das distintas actividades, controlarán na saída que os monitores/as entreguen correctamente ao alumnado aos seus pais/nais ou titores/as legais, e actuarán ante calquera accidente ou incidencia que ocorra, dentro das súas posibilidades.

Excepcionalmente, cando se dé o caso da ausencia dalgún monitor/a, avisarase ao Concello para que se poñan inmediatamente en contacto cos pais/nais ou titores/as legais dos nenos/as afectados, para que os veñan a buscar tan pronto lles sexa posible.

6. FINS EDUCATIVOS

6.1. OBXECTIVOS A DESENVOLVER

1. Favorecer e mellorar a convivencia no centro. Formando cidadáns.

Pretendemos desenvolver un programa de habilidades sociais entre o noso alumnado para previr problemas de conduta e convivencia. Queremos traballar para suxerir actividades variadas e innovadoras nas que procuraremos que participe a maior parte da comunidade educativa. Un dos nosos obxectivos é conseguir cidadáns responsables e solidarios non só na comunidade educativa senón tamén vincularlos de cara á sociedade da que van formar parte. Polo que queremos traballar “**Formando Cidadáns**”.

Estaremos atentos á participación cidadá con entidades e asociacións locais, organizacións sen ánimo de lucro, e dende departamentos das diferentes administracións con proxectos que sexan viables e apropiados ao noso alumnado de infantil e primaria e que traballen os valores éticos e sociais.

2. Desenvolver unha boa atención á diversidade do alumnado.

A concreción deste obxectivo centraríase en:

- Colaborar coas propostas do Departamento de Orientación fomentando a participación de todo o profesorado.
- Facilitar o traballo do Departamento de Orientación en canto á dispoñibilidade de espazos, tempos e materiais.
- Aplicar e concretar o Plan de acción tutorial, o Plan de atención á diversidade e o Plan de convivencia.

3. Fomentar a innovación e a mellora da calidade educativa que oferta o centro.

A concreción deste obxectivo centrarase en potenciar os proxectos que o centro teña en marcha: Plan Proxecta – mobilidade sostible e segura-, Seccións bilingües,...e promover outros novos que nos resulten interesantes.

4. Potenciar o emprego do galego.

A concreción anual deste obxectivo céntrase na seguintes actuacións:

- Promover a participación en campañas para o desenvolvemento lingüístico promovidas desde as diferentes administracións.
- Atender ás propostas dende o EDNL e participar nas actividades suxeridas.
- Colaborar na posta en práctica do Proxecto Lingüístico do Centro.
- Manter unha continuidade no uso da lingua galega nas actividades promovidas polo centro propiciando o contacto do alumnado con persoas relevantes da cultura e literatura galega.
- Fomentar entre o alumnado o emprego da lingua galega nas comunicación orais.
- Seguir a recuperar os xogos tradicionais.

5. Seguir a Fomentar programas de promoción da saúde, hábitos alimentarios:

Dende o comedor trataremos que os menús sexan cada vez máis saudables e equilibrados, que o comedor sexa un espazo cívico xa que forma parte da xornada escolar polo que temos que coidar e respectar.

6. Mellorar as instalacións do centro e optimizar os fondos e recursos.

Esta tarefa é continua, dotando e mantendo todas as estancias e instalacións nas mellores condicións coa colaboración do Concello e a unidade técnica da Consellería de educación.

7. Fomentar o emprego das novas tecnoloxías na práctica diaria da xornada escolar.

Seguiremos dotando e mellorando todas as aulas das instalacións necesarias para que todo o profesorado e alumnado empregue as novas tecnoloxías na súa práctica diaria. Na medida do posible, tentaremos facer fincapé, a ser posible, na formación do profesorado, xa que temos que poñernos á altura das necesidades e da realidade que nos envolve para optimizar estes recursos.

8. Impulsar a dinamización da biblioteca escolar.

Co obxectivo de desenvolver hábitos lectores e fomentar o gusto pola lectura no alumnado. Entendemos que a biblioteca debe ser o centro neuráxico do colexio dende onde partan propostas didácticas que desenvolvan as capacidades integrais do noso alumnado e se atendan as necesidades de toda a comunidade educativa.

9. Aplicar o Plan de Autoprotección do centro.

En colaboración con Protección civil trataremos de facer un simulacro por curso escolar ou os que se consideren necesarios.

10. Revisar e actualizar o Proxecto Educativo do centro.

Actualizar este proxecto segundo as instrucións das autoridades educativas e

tendo en conta o desenvolvemento da LOMCE.

REFERENTES AO PROFESORADO

Impulsar a coordinación das actividades docentes e o traballo en equipo, potenciando o labor da Comisión de Coordinación Pedagóxica e dinamizando o traballo coordinado dos diferentes niveis e o seu grao de cohesión metodolóxica e o intercambio de experiencias, ideas e estratexias.

REFERENTES AO ALUMNADO

Procuraremos o éxito escolar e mellorar o rendemento xeral dos alumnos/as, incidindo moi especialmente na consecución das **competencias clave**, que é a capacidade de pór en práctica de forma integrada, en contextos e situacións diferentes, os coñecementos, habilidades e actitudes que se adquiriron. Teremos en conta o contexto no que nos desenvolvemos e trataremos de implicar máis ás familias nesta tarefa para mellorar a nosa comunidade educativa.

Trataremos de conseguir que o **Proxecto Lingüístico de Centro** recolla todas as medidas consensuadas para potenciar o coñecemento das linguas estranxeiras e potenciaremos as dúas **seccións bilingües** que temos no centro así como o uso do galego nas destrezas orais.

Velaremos por ofertar actividades complementarias e extraescolares, segundo os recursos que dispoñamos, variadas e enriquecedoras, que permitan ao noso alumnado ter un mellor coñecemento do entorno e ampliar as súas experiencias colaborando con entidades, administracións e asociacións.

REFERENTES ÁS FAMILIAS

Fomentar a implicación das familias no seguimento dos estudos dos seus fillos/as, aportándolles información e asesoramento respecto das necesidades do alumnado, das medidas a adoptar na súa atención, etc... Manterlles informados das actividades que se fagan no centro e animarlles a participar e estar comprometidos cos nosos proxectos para satisfacción de todos/as.

Mellorar a comunicación coas familias empregando as TIC, correos electrónicos, abalar, organizando encontros coas titorías, charlas, actividades de convivencia, xornadas de portas abertas, propostas de ideas,....

Propiciar, axudar e colaborar coa **ANPA** e dar oportunidades para que as familias poidan participar nas actividades do centro (contacontos, educación viaria, charlas, actividades complementarias, intercambio de ideas e experiencias, obradoiros, festas e celebracións, etc...).

6.2. PRINCIPIOS E DIRECTRICES QUE VAN A MARCAR A PAUTA NESTE CENTRO

- **Formación no respecto do Medio Ambiente e na súa defensa.** Actividades no horto escolar de sembrado e coidado de plantas, aproveitando celebracións como o Magosto, o día da árbore, ...Reciclado e concienciación no uso do papel, sensibilidade medioambiental, obradoiros e outras actividades que incidan no reciclado, o consumo responsable e a defensa do medioambiente.

-Ser unha institución educativa que pretende favorecer como **lingua vehicular o**

galego, respectando o bilingüismo e fomentando na comunidade educativa a pluralidade lingüística.

-Educamos para a democracia, tolerancia, paz e no **respecto das normas de convivencia**.

-Queremos ser un centro **integrado na contorna e colaborar coas familias**, o Concello e distintas organización locais.

-Relacionamos os contidos de **forma transversal** en todas as áreas educativas como medio para coñecer a realidade social.

-**Manter e dar continuidade ao Plan Proxecta do centro “Xogade”**, para que o alumnado e toda a comunidade educativa veña ao centro: camiñando, en bicicleta, patíns, patinete, transporte compartido,....

-**O francés** como materia de libre configuración en 6º de E.P.. Esta materia facilita a posibilidade de iniciarse noutra lingua que terá continuidade na seguinte etapa educativa (secundaria).

7. ORGANIZACIÓN DO CENTRO

7.1. ÓRGANOS DE GOBERNO

7.1.1 UNIPERSOAIS: EQUIPO DIRECTIVO

A dirección, xefatura de estudos e secretaría serán os interlocutores entre todos os sectores e membros da comunidade, propiciando a participación e o bo entendemento entre eles.

Coa LOMCE as funcións do director quedan recollidas no Capítulo IV, artigo 132.

7.1.2. COLEXIADOS: CLAUSTRO E CONSELLO ESCOLAR

CLAUSTRO DE PROFESORES

O Claustro de profesores/as é o órgano propio de participación destes/as no goberno do centro. Estará integrado pola totalidade do profesorado que preste servizos no mesmo e presidido polo director/a do centro.

Ten a responsabilidade de planificar, coordinar, informar e, de ser o caso, decidir sobre todos os aspectos educativos do centro.

As súas funcións axustaranse ao establecido no Regulamento Orgánico das escolas de educación Infantil e primaria (Decreto 374/1996 do 17 de outubro), e ao artigo 129 da LOMCE. Planificará, coordinará e decidirá sobre os aspectos docentes. Celebrará, polo menos, unha reunión trimestral. E sempre que as necesidades do centro así o demanden, as que sexan necesarias. As xuntanzas do Claustro de Profesores serán os martes, pola tarde.

CONSELLO ESCOLAR

É o órgano a través do cal participan na xestión do centro os distintos membros da comunidade escolar.

A súa composición, atribucións e funcións coa LOMCE quedan recollidas no

Capítulo III, artigos 126 e 127. Como órgano de participación dos distintos sectores da comunidade escolar reunirse sempre que o centro así o precise e, polo menos, unha vez ao trimestre. A celebración dos Consellos Escolares será no día e hora que facilite a asistencia de todos os membros, segundo o establece a normativa legal vixente.

7.2. ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE

7.2.1. EQUIPOS DE CICLO

Establécense os seguintes equipos de Ciclo: Equipo de Educación Infantil.

Coa LOMCE desaparecen os ciclos en Educación Primaria, pero para un mellor funcionamento decidimos nomear representantes de niveis que serán os que van ir ás reunións da comisión de coordinación pedagóxica e do departamento de orientación, un/unha representante para 1º, 2º, e 3º niveis, e outro/a representante para 4º, 5º e 6º niveis.

7.2.2. COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA

A finalidade desta Comisión é garantir a coherencia e coordinación vertical do proxecto curricular do centro.

Composición

Está presidida polo director/a do centro, e integrada polo xefe/a de estudos, o coordinador/a de ciclo de educación infantil, os/as representantes dos niveis de primaria, un profesor/a de pedagogía terapéutica, o coordinador/a do Equipo de Dinamización da Lingua Galega e o xefe/a do departamento de orientación, os/as responsables dos equipos de dinamización (TIC, Convivencia, Biblioteca) e equipo de actividades complementarias e extraescolares.

O secretario/a será un mestre/a voluntario/a, e de non haber consenso, será o de menor antigüidade no centro.

7.2.3. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

Coordinado por un/unha mestre/a do centro, nomeado polo/a director/a por dous anos e que vai dirixir un equipo formado por mestres/as tanto de infantil como de primaria.

7.2.4. EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Coordinado por un/unha mestre/a do centro, nomeado polo/a director/a por dous anos e que vai coordinar un equipo formado por o coordinador/a do ciclo de educación infantil e os/as representantes dos distintos niveis de primaria, para xestionar as distintas actividades extraescolares e conmemoracións que se van realizar ao longo do curso escolar.

7.2.5. DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Queda constituído polo/a xefe/a do departamento, o/a coordinador/a de ciclo de E. Infantil, os/as representantes dos distintos niveis de E. Primaria e o profesorado de PT e AL.

7.2.6. EQUIPO DE BIBLIOTECA

Coordinado por un/ha mestre/a, nomeado/a polo/a director/a do centro por dous anos e constituído por distintos mestres/as de todos os niveis que se imparten no centro.

7.3. PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

O persoal non docente está integrado por: catro persoas que atenden os servizos dependentes do Concello ("Bos días, cole", mudas escolares e conserxerías), tres persoas que se ocupan da limpeza do centro, un cociñeiro/a, dúas axudantes de cociña e un coidador/a.

7.4. ASOCIACIÓN DE NAIS/PAIS

ANPA

No centro está constituída a Asociación de nais e pais.

A Asociación ven organizando algunhas actividades extraescolares (patinaxe, defensa persoal, saídas,...) que se imparten fóra do horario lectivo e ás que asisten os alumnos/as con carácter voluntario.

Ademais colabora en festas e actos que organiza o centro e organiza actividades de fin de curso. A Asociación conta cun representante no Consello escolar do centro.

O funcionamento da ANPA está recollido no regulamento de escolas de E. Infantil e Primaria, Título VI, artigo 105, "O dereito que asiste aos pais/nais de constituir asociacións de nais e pais de alumnos/as nestes centros, coas competencias que se especifican no apartado 2 de dito artigo, así como tamén na orde do 16 de xaneiro de 1987 (D.O.G do 22 de xaneiro).

8. CRITERIOS PARA O AGRUPAMENTO DO ALUMNADO

A distribución do alumnado ao chegar ao centro terá en conta as seguintes premisas, para unha mellor organización (recollido nas NOF):

O agrupamento dos/as alumnos/as será mixto e flexible e favorecerá a coeducación e a aprendizaxe cooperativa, evitando calquera tipo de discriminación por razón de raza, sexo, relixión, rendemento escolar, etc.

Na formación dos grupos de alumnos/as evitarase calquera clasificación deles polos seus coñecementos, nivel intelectual ou rendemento, así como os grupos estables de recuperación, de repetidores ou de alumnos/as avantaxados/as.

Sempre que a dispoñibilidade horaria do profesorado e a organización do centro o permita, os grupos poderanse desdobrar para a realización de determinadas actividades.

De maneira especial debe prestarse atención á flexibilidade que permite a aplicación de adaptacións curriculares e reforzos educativos co alumnado que teña NEE (minusvalías, dificultades de aprendizaxe, alumnos/as con sobredotación intelectual, etc.).

A distribución dos alumnos/as ao chegar ao centro (educación infantil de 3 anos) farase da tendo en conta as seguintes premisas:

-Orde alfabética.

-Mesmo número de nenos e nenas en cada aula (para favorecer a coeducación).

- Mes de nacemento (para que non cadren nunha mesma aula os nenos/as de decembro).
- Mesmo número de nenos/as inmigrantes.
- Mesmo número de nenos/as con NEE.
- Mesmo número de nenos/as de valores e relixión en cada aula.

Nos demais niveis educativos, cando un alumno/a se incorpora a un determinado nivel, será incluído na aula de menos alumnado. No caso de que as dúas aulas teñan o mesmo número de alumnos/as, despois de estudar cada caso de forma individual, incorporárase a aula que conte con menos necesidades.

Os alumnos de NEE, repetidores e inmigrantes serán distribuídos, tendo en conta as súas dificultades, nas dúas aulas do nivel educativo de forma que ambas queden equilibradas co fin de evitar grupos bos ou nenos/as bos que impidan a coordinación de nivel entre os profesores/as do mesmo.

A decisión deste reparto tomaraa o/a Xefe/a de Estudos a proposta do Departamento de Orientación.

En caso de irmáns xemelgos, terase en conta a recomendación dirixida á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para que as decisións sobre escolarización de alumnos/as de partos múltiples sexan adoptadas en atención a cada caso particular e de acordo cos proxenitores (Expediente:D.3.Q/21576/17).

En Primaria, poderase reagrupar a determinado alumnado, en casos moi especiais, e sempre con fins de tipo pedagóxico, baseándose nas recomendacións dos titores/as e especialistas, así como a valoración do departamento de Orientación e equipo directivo.

9. MEDIDAS PEDAGÓXICAS PARA O PERÍODO DE ADAPTACIÓN EN EDUCACIÓN INFANTIL

O obxectivo desta medida é conseguir unha boa acollida no centro para o alumnado de nova incorporación, co fin de que a súa integración sexa o máis doada e rápida posible.

A medida será para todo o alumnado que se incorpora ao centro cada curso escolar.

9.1. RESPONSABILIDADES

- **O equipo directivo** coordinará co departamento de orientación a publicidade da oferta educativa e as reunión e visitas programadas ao noso centro dos pais/nais ou titores/as legais dos alumnos/as.
- **O equipo de E. Infantil :**
 - Asistirán ás reunións e visitas programadas, ao noso centro, dos pais/nais ou titores/as legais dos alumnos/as.
 - Entregarán e recollerán cuestionarios individuais a cada familia antes da recepción do grupo de alumnos/as.

9.2. PROCEDIMENTO

- Publicación na web, dun tríptico coa publicidade e a oferta educativa do centro.
- Reunión programada en xuño cos pais/nais ou titores/as legais no centro.
- Recollida de material e cuestionarios.
- Incorporación progresiva de grupos reducidos.

10. CRITERIOS PARA A PLANIFICACIÓN DOS ESPAZOS EN EDUCACIÓN INFANTIL

Responderá ás necesidades do alumnado desta etapa para facilitar o seu desenvolvemento e aprendizaxe.

10.1. TIPOS DE ESPAZOS

AULAS: Organizadas en función das actividades, xogos e intereses dos/as nenos/as. As actividades poderán ter carácter individual ou colectivo segundo a natureza da tarefa e dependendo da actividade o alumnado atoparase no recanto ou espazo que lle corresponde.

SERVIZOS: dotados con xabón, papel hixiénico e toallíñas de refugallo. As tres aulas do soto teñen baño dentro da aula.

AULA DE PSICOMOTRICIDADE: Sala de complemento para diversas actividades e tamén como aula de xogos. Conta cun patio exterior cuberto.

PATIO DE RECREO: Organizado por zonas:

- Zona cuberta para os días de choiva.
- Areeiro no que poden xogar coas palas, camiós, etc...
- Tobogán con pavimento de caucho.
- Horto escolar (VOZ NATURA).

10.2. CARACTERÍSTICAS DOS ESPAZOS

Os espazos comúns do colexio estarán compartidos por todo o alumnado de E. Primaria e Infantil: aula de música, informática, biblioteca, ximnasio, aula de inglés,...

As características para unha axeitada organización destes espazos serán:

- Lugares tranquilos e agradables.
- Espazos de sol e sombra.
- Obxectos próximos e familiares.
- Espazos dinámicos e flexibles con chan variado.
- Salas amplas.

En Educación primaria:

- As aulas atópanse no 2º e 3º andares e son de dimensións reducidas para a ratio de 25 alumnos/as. Todas as aulas contan con ordenador, proxector, pantalla,... e algunhas con pizarra dixital.
- As aulas do centro estarán previamente asignadas, durante toda a escolarización, a un determinado nivel.
- Relixión católica ten aula propia, polo que o alumnado asistente a valores sociais e cívicos quedarán na súa clase.
- O PATIO DE RECREO, en Educación Primaria, conta cunha zona cuberta e outra descuberta na entrada do edificio que se pode utilizar para xogos cando as condicións meteorolóxicas o permitan.

10.3. CRITERIOS

Os criterios basearanse en:

- Necesidades afectivas.

- Necesidades de socialización.
- Necesidades de movemento.
- Necesidades fisiolóxicas.

11. CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN DO TEMPO EN EDUCACIÓN INFANTIL

Os criterios teñen que responder a desenvolver de maneira ordenada as actividades segundo unha orientación antes-despois e responder á consecución das intencións educativas.

11.1. CARACTERÍSTICAS

O tempo nesta etapa deberase caracterizar por ser:

- Flexible.
- De calidade – actividades atractivas para o alumnado.
- Con ritmo, repetición constante e da mesma maneira dos feitos, e dicir, tempo secuencial, rítmico e constante: asamblea, actividades, recreo, merenda, e actividades.

11.2. CRITERIOS

Os criterios basearanse en:

- Necesidades fisiolóxicas.
- Pautas sociais.
- Ritmos que diferencien distintos momentos do día.
- Respetar a globalidade do neno/a.
- Tempo para xogar.
- Manter as partes do horario de clase na mesma orde.
- Destacar os espazos que corresponden a actividades fixas.

O agrupamento do alumnado de E. Infantil basearase nos seguintes aspectos:

- flexible;
- mixto;
- cooperativo na aprendizaxe, evitando discriminacións.

12. CONCRECIÓN CURRICULAR

12.1. ADECUACIÓN DOS OBXECTIVOS DE ETAPA

Poderán verse nas programacións anuais.

12.2. DISTRIBUCIÓN HORARIA DAS MATERIAS EN EDUCACIÓN PRIMARIA

| ASIGNATURAS | 1º | 2º | 3º | 4º | 5º | 6º |
|-----------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|
| Lingua galega e literatura | 4G | 4G | 4G | 4G | 4G | 3G |
| Lingua castelá e literatura | 4C | 4C | 4C | 4C | 4C | 3C |
| Matemáticas | 5C | 5C | 4C | 4C | 5C | 5C |
| Ciencias sociais | 3G | 2G | 3G | 2G | 2G | 3G |

| | | | | | | |
|------------------------------------|----------|----|----|----|----|----|
| Ciencias naturais | 2G | 2G | 2G | 2G | 2G | 2G |
| Lingua estranxeira | 2I | 2I | 3I | 3I | 3I | 3I |
| Educación Física | 2C | 2G | 2C | 2C | 2G | 2C |
| Educación | Música | 1G | 1G | 1G | 1G | 1G |
| Artística | Plástica | 1G | 1G | 1G | 1I | 1C |
| Relixión/Valores sociais e cívicos | | 1C | 2C | 1C | 1C | 1C |
| Libre configuración | | | | 1G | | 1F |
| TOTAL | | 25 | 25 | 25 | 25 | 25 |

G= galego

C= castelán

I= inglés

F=francés

12.3. CONTRIBUCIÓN DE CADA ÁREA Á CONSECUCCIÓN DAS COMPETENCIAS PARA A ETAPA

As competencias, para o decreto 105/2014, son capacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos. Inclúen tanto saberes como habilidades e actitudes. Inclúen o saber, saber facer, saber estar e saber ser.

A competencia clave constitúe a dotación cultural mínima que calquera cidadán debe adquirir.

A competencia é a forma en que as persoas logran mobilizar todos os seus recursos persoais (cognitivos, afectivos, sociais, etc.) para acadar o éxito na resolución dunha tarefa en diferentes contextos definidos. As competencias constitúen un tipo de aprendizaxe que se sitúa entre os comportamentos e as capacidades.

Para o efecto do decreto as competencias clave son as seguintes:

- 1º. Comunicación lingüística (CCL).
- 2º. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).
- 3º. Competencia dixital (CD).
- 4º. Aprender a aprender (CAA).
- 5º. Competencias sociais e cívicas (CSC).
- 6º. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- 7º. Conciencia e expresións culturais (CCEC).

Debe potenciarse o desenvolvemento da competencia de comunicación lingüística e da competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

A contribución de cada área ao desenvolvemento das competencias claves pódese contemplar dende un dobre enfoque. En primeiro lugar, resaltando aqueles aspectos das competencias que poden ser desenvolvidos. E, en segundo lugar, dende a óptica dos criterios de avaliación como referentes fundamentais.

Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe en máis dunha competencia ao mesmo tempo.

A adquisición dunha competencia clave supón: a adquisición de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións e outros compoñentes sociais e de comportamentos que se movilizan conxuntamente para lograr unha acción eficaz.

Caracterízanse pola súa transversalidade, dinamismo, xa que non se adquiren nun determinado momento e permanecen inalterables, senón que se van desenvolvendo e van adquirindo maiores niveis de desempeño. O seu carácter integral, debe abordarse

dende todas as áreas de coñecementos.

As competencias clave deben de estar integradas nas áreas ou materias das propostas curriculares.

1- COMPETENCIA COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA CCL

Esta competencia fai referencia á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e da organización e autorregulación do pensamento, as emocións e a conduta. Esta competencia significa, no caso das linguas estranxeiras, poder comunicarse nalgunha delas e, deste modo, enriquecer as relacións sociais e desenvolverse en contextos distintos ao propio.

Finalidade: adquirir esta competencia lingüística ao final da educación obrigatoria comporta o dominio da lingua oral e escrita en múltiples contextos e o uso funcional de, polo menos, unha lingua estranxeira.

Contribucion de distintas áreas:

| COMPETENCIA: COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA E. PRIMARIA | |
|--|-----|
| ÁREAS | |
| Ciencias sociais e naturais | 7% |
| Lingua e literatura castelá e galega | 45% |
| Lingua estranxeira | 32% |
| Relixión/Valores sociais e cívicos | 6% |
| Matemáticas | 5% |
| E. Artística | 4% |
| Libre configuración: reforzo lingüístico e francés | 1% |

Ciencias sociais e naturais: análise do entorno, textos informativos, explicativos e argumentativos.

Lingua e literatura castelá e galega: competencias sobre o uso xeral da linguaxe.

Relixión / valores sociais e cívicos: debates e reflexións.

Matemáticas: incorporación da linguaxe matemática a expresión habitual. Descrición de razoamentos e procesos: escoita de explicacións dos/das compañeiros/compañeiras.

2-COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA (CMCCT)

É a habilidade para utilizar e relacionar os símbolos, os números, as súas operacións básicas, e as formas de expresión e razoamento matemático para producir e interpretar diferentes tipos de información, para ampliar o coñecemento sobre aspectos cuantitativos e espaciais da realidade, para resolver problemas relacionados coa vida cotiá e co mundo laboral.

Finalidade: Supón que o alumnado ao rematar a educación obrigatoria debe ser quen de utilizar espontaneamente, nos ámbitos persoal e social, os elementos e razoamentos matemáticos para interpretar e producir información para resolver problemas de situacións cotiás e tomar decisións.

Contribucion de distintas áreas:

| COMPETENCIA: MATEMÁTICA E. PRIMARIA | |
|--|-----|
| ÁREAS | |
| Ciencias sociais e naturais | 12% |
| E. Artística | 5% |
| Matemáticas | 83% |
| Libre configuración: reforzo lingüístico e francés | 2% |

Ciencias sociais e naturais: técnicas e ferramentas matemáticas en contextos significativos de uso: escaleiras, mesas, representacións, graficas, porcentaxes...

Lingua e literatura castelá e galega: argumentacións. Lectura, comprensión literal, inferencia de enunciados para resolver problemas. Interpretación e expresión de informacións e datos.

Matemáticas: aprendizaxe dos contidos, dirixindo a súa utilidade por enfrontarse ás ocasións nas que se empregan as matemáticas fóra da aula.

COMPETENCIA DIXITAL

Entraña o uso seguro e crítico das TIC para o traballo en clase, avaliar, almacenar, producir, presentar ou intercambiar información, tamén atende á diversidade de necesidades e realidades do usuario.

Finalidade: Supón que o alumnado ao rematar a educación primaria debe ser quen de:

- Facer uso habitual dos recursos tecnolóxicos dispoñibles para resolver problemas reais de modo eficiente.
- Avaliar e seleccionar novas fontes de información e innovación tecnolóxicas a medida que van aparecendo en función da súa utilidade para acometer tarefas ou obxectivos específicos.
- Ser unha persoa autónoma, eficaz, responsable, crítica e reflexiva ao seleccionar, tratar e utilizar a información, as súas fontes e as distintas ferramentas tecnolóxicas.

Contribucion de distintas áreas:

| COMPETENCIA: DIXITAL E. PRIMARIA | |
|--|-----|
| ÁREAS | |
| Ciencias sociais e naturais | 17% |
| Lingua e literatura castelá e galega | 21% |
| Lingua estranxeira | 20% |
| Relixión/Valores sociais e cívicos | 9% |
| Matemáticas | 21% |
| E. Artística | 8% |
| E. Física | 4% |
| Libre configuración: reforzo lingüístico e francés | 5% |

Ciencias sociais e naturais: procedementos que requiren códigos e linguaxes diversas para ser interpretadas.

Lingua e literatura castelá e galega: uso social e colaborador da escrita. Composición de textos: planificación/ elaboración/ revisión.

L. Inglesa: comunicación en tempo real con outras persoas. Acceso á información. Contextos reais e funcionais da comunicación.

Relixión / valores sociais e cívicos: alfabetización dixital, busca de información e ampliación de coñecementos.

Matemáticas: comprensión de informacións con cantidades e medidas. Linguaxes gráficos e estadísticos. Uso da calculadora e ferramentas tecnolóxicas.

E. Artística: demostración de procesos. Aproximación a creación de producións artísticas. Análise da imaxe , do son e das súas mensaxes. Deseño de situacións creativas.

E. Física: valoración crítica das mensaxes referidas ao corpo.

COMPETENCIA DE APRENDER A APRENDER

É a habilidade para iniciar a aprendizaxe e persistir nela, aprendendo de xeito cada vez máis eficaz e autónomo.

Esta competencia ten dimensións fundamentais:

- A adquisición da conciencia das propias capacidades (intelectuais, emocionais, físicas, comunicativas, motrices).
- Coñecer o que se pode facer por un mesmo e do que se pode facer coa axuda doutras persoas ou recursos.
- Dispor dun sentimento de competencia persoal, que redunde na motivación, na autoconfianza e no gusto por aprender.

Significa ser consciente do que se sabe e do que fai falla aprender e de como se aprende.

Supón que o alumnado ao rematar a E.P debe ser quen de: xestionar e controlar as súas propias capacidades e coñecementos. Inclúe tanto o pensamento estratéxico como a capacidade de cooperar, de autoavaliarse e manexo eficiente dun conxunto de recursos e técnicas de traballo intelectual. Todo isto desenvolvido a través de experiencias de aprendizaxes conscientes e gratificantes, tanto individuais coma colectivas.

Contribucion de distintas áreas:

| COMPETENCIA: APRENDER A APRENDER | |
|--|-----|
| ÁREAS | |
| Ciencias sociais e naturais | 18% |
| Lingua e literatura castelá e galega | 20% |
| Lingua estranxeira | 14% |
| Relixión/Valores sociais e cívicos | 10% |
| Matemáticas | 16% |
| E. Artística | 14% |
| E. Física | 5% |
| Libre configuración: reforzo lingüístico e francés | 3% |

Ciencias sociais e naturais: técnicas para aprender e/ou traballar en equipo, tratar a información. Reflexionar sobre o aprendido.

Lingua e literatura castelá e galega: reflexión sobre a aprendizaxe persoal e regulación das emocións.

Relixión/valores sociais e cívicos: habilidades sociais, traballo en equipo, participación e argumentación.

Matemáticas: uso de ferramentas matemáticas básicas, comprensión de información con apoios matemáticos, autonomía, perseveranza e esforzo para abordar situacións de

complexidade crecente, sistematización, crítica e comunicación de resultados e verbalización de procesos.

Traballar a organización do pensamento, a construción de coñecementos e a confianza en si mesmo, reforzando e pensamento propio.

E. Artística: experimentación con técnicas e materiais. Exploración sensorial, reflexión sobre os procesos de manipulación. Protocolos de indagación e planificación de procesos utilizables noutras aprendizaxes.

E. Física: coñecemento das propias posibilidades e carencias.

COMPETENCIA SOCIAL E CÍVICA

Esta competencia fai posible comprender a realidade social na que se vive, cooperar, convivir e exercer a cidadanía democrática nunha sociedade plural, así como comprometerse a contribuír á súa mellora.

Esta competencia supón que o alumnado ao rematar a E.P. será quen de comprender a realidade social na que vive, afrontar a convivencia e os conflitos empregando o xuízo ético baseado nos valores e nas prácticas democráticas, e exercer a cidadanía, actuando con criterio propio, contribuíndo á construción da paz e da democracia, e mantendo unha actitude constructiva, solidaria e responsable ante o cumprimento dos dereitos e obrigacións cívicas.

Contribucion de distintas áreas:

| COMPETENCIA: SOCIAL E CÍVICA | |
|--|-----|
| ÁREAS | |
| Ciencias sociais e naturais | 37% |
| Lingua e literatura castelá e galega | 18% |
| Lingua estranxeira | 14% |
| Relixión/Valores sociais e cívicos | 4% |
| Matemáticas | 5% |
| E. Artística | 3% |
| E. Física | 15% |
| Libre configuración: reforzo lingüístico e francés | 4% |

Ciencias sociais e naturais: comprensión da realidade social: relacións próximas e relacións afastadas.

Lingua e literatura castelá e galega : erradicar os usos discriminatorios da linguaxe.

L. Inglesa: coñecemento dos feitos culturais das comunidades falantes.

Relixión/valores sociais e cívicos: habilidades para vivir en sociedade. Habilidades sociais e relacións interpersoais. Universalización das propias aspiracións e dereitos. Impulso dos vínculos persoais. Enfrontar os conflitos por medio do diálogo. Interiorización de valores. Xerar un sentimento de identidade compartida. Identificación dos dereitos e deberes dos cidadáns.

Matemáticas: aceptación doutros puntos de vista na resolución de problemas.

E. Artística: recoñecemento da riqueza cultural e artística.

E. Física: habilidades sociais. Recoñecemento da riqueza cultural: danzas, xogos populares...

Tolerancia e integración: interese por coñecer outras culturas, por relacionarse con outros falantes.

SENTIDO DE INICIATIVA E ESPIRITO EMPRENDEDOR

Enténdese a habilidade das persoas para transformar as ideas en actos. Desenvolver a creatividade, a innovación e asunción de riscos, así como coa habilidade para planificar e xestionar proxectos co fin de alcanzar obxectivos. Ser conscientes do contexto no que se desenvolve o seu traballo e ser capaces de aproveitar as oportunidades.

Finalidade: Supón que o alumnado ao rematar a E.P debe ser quen de: imaxinar, emprender, desenrolar e avaliar accións e proxectos individuais ou colectivos con creatividade, confianza, responsabilidade e espírito crítico. Chegar a acadar unha serie de calidades e habilidades persoais, sociais e de dirección e liderado.

Contribucion de distintas áreas:

| COMPETENCIA: SENTIDO DE INICIATIVA E ESPIRITO EMPRENDEDOR | |
|--|-----|
| ÁREAS | |
| Ciencias sociais e naturais | 24% |
| Lingua e literatura castelá e galega | 22% |
| Lingua estranxeira | 11% |
| Relixión/Valores sociais e cívicos | 10% |
| Matemáticas | 13% |
| E. Artística | 19% |
| Libre configuración: reforzo lingüístico e francés | 1% |

Ciencias sociais e naturais: coñecer o contexto no que as persoas viven e traballan, comprensión das liñas xerais que rexen o funcionamento das sociedades e organizacións sindicais e empresariais, así como as económicas e financeiras.

Lingua e literatura castelá e galega: comunicación, presentación e representación e negociación efectiva. Pensamento crítico.

Relixión/valores sociais e cívicos: predisposición a actuar de forma creadora e imaxinativa; autoconecemento e autoestima; autonomía e independencia; interese e esforzo. Motivación á hora de cumprir obxectivos ben sexan persoais ou comúns.

Matemáticas: capacidade de recoñecer oportunidades, capacidade de adaptación ao cambio, manexo da incerteza e a resolución de problemas e proxectos. Capacidade de análise, planificación, organización, xestión e toma de decisións.

CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS

Esta competencia supón coñecer, comprender, apreciar e valorar críticamente diferentes manifestacións culturais, artísticas e deportivas, e utilízalas como fonte de enriquecemento e disfrute e consideralas como parte do patrimonio dos pobos.

Finalidade: Supón que o alumnado ao rematar a E.P debe ser quen de:

- Ter adquirido un coñecemento básico das manifestacións culturais e artísticas.
- Aplicar habilidades de pensamento diverxente e traballo colaborador.
- Adoptar unha actitude respectuosa e crítica ante as distintas manifestacións culturais e artísticas, e o desexo e vontade de cultivar a propia capacidade estética e creadora.
- Mostrar interese por participar na vida cultural e por contribuír a conservar o patrimonio artístico e cultural.

Contribucion de distintas áreas:

| COMPETENCIA: CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS | |
|---|-----|
| ÁREAS | |
| Ciencias sociais e naturais | 5% |
| Lingua e literatura castelá e galega | 12% |
| Lingua estranxeira | 1% |
| Relixión/Valores sociais e cívicos | 6% |
| Matemáticas | 10% |
| E. Artística | 48% |
| E. Física | 14% |
| Libre configuración: reforzo lgco. e francés | 4% |

Ciencias sociais e naturais: coñecemento e valoración das manifestacións culturais.

E. Artística: coñecemento de códigos artísticos. Técnicas e recursos para percibir e comprender o mundo, expresarse e comunicarse. Desenvolvemento de criterios persoais.

E. Física: expresión de ideas ou sentimentos a través da exploración das posibilidades e recursos do corpo e do movemento. Recoñecemento das manifestacións culturais da motricidade humana (deportes, xogos tradicionais, actividades expresivas...) Apreciación e comprensión do feito cultural.

Lingua e literatura castelá e galega: lectura, comprensión e valoración das obras literarias.

L. Inglesa: introdución de textos e modelos lingüísticos de cariz literario e cultural.

12.4.MATERIAIS CURRICULARES

Estes van ser os materiais e recursos didácticos que se empregarán para desenvolver as programacións didácticas:

- Libro de contidos teóricos das distintas materias.
- Cadernos de traballo.
- Láminas das distintas materias.
- Materiais de ampliación e reforzo.
- Materiais (regra, compás, cartabón...).
- Ábacos, regleta, bloques multibase e equipos nos que se representen as ordes de unidades.
- Recta numérica graduada para situar e localizar números.
- Xogo de tarxetas numéricas ou cartolinas cos dez díxitos.
- Materiais contables non estruturados.
- Material funxible.
- Biblioteca de aula.
- Libro do alumno/a das distintas materias.
- Entorno natural.
- Dicionarios escolares.
- Dicionarios on-line.

Medios de comunicación social:

- Prensa: xornais dixitais galegos, españois e estranxeiros.
- Radio, Televisión,...

Recursos materiais:

Medios audio-visuais:

- Ordenador de aula.
- Ordenador do mestre/a.
- Encerado dixital- PDI e tradicional.
- Aula informática.
- Canón proxector.

Tamén faremos uso de páxinas web e da aula virtual, con recursos en rede para profundizar diversos contidos entre as que se atopan:

<http://www.digital.santillana.es/t/aula-virtual/>

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipfilomenadato/> Páxina web do centro, na que se dispón de moitos enlaces a blogues interesantes: blogue de E. Infantil, blogue da Biblioteca, blogue de lingua estranxeira, blogue de francés,... Nestes blogues hai moitos e variados enlaces a páxinas de interese (dicionarios on-line, enciclopedias on-line, recursos educativos, páxinas web de relatos, novidades editoriais, visitas virtuais, etc...)

12.5. METODOLOXÍA

A comunidade educativa considera moi importante o proceso de aprendizaxe do alumnado por eso o/a alumno/a ten que ser o protagonista activo do seu proceso de aprendizaxe.

A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa, participativa, potenciadora da autoestima e do éxito, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave.

De forma globalizada o máximo posible, sobre todo en E. Infantil e secuencializada de forma gradual.

Buscarase unha aprendizaxe comprensiva máis que memorística e poremos especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten dificultades.

Con esta metodoloxía pretendemos conseguir que o noso alumnado sexa: responsable, autónomo, sociable, tolerante e que aprenda a vivir en sociedade.

13. PROGRAMACIÓNS DOCENTES

Coa implantación da LOMCE, modificáronse as programacións en base a división das materias en disciplinas troncais, específicas e de libre configuración, así como os cambios en competencias clave e a aparición dos estándares de aprendizaxe.

Concrétanse os seguintes indicadores:

13.1.PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN E. INFANTIL

Indicadores

Introdución e contextualización

Contribución dende as áreas ao desenvolvemento das competencias clave

Obxectivos

Secuencia de contidos
Actividades
Temporalización
Criterios de avaliación
Procedementos de avaliación
Instrumentos de avaliación
Metodoloxía didáctica, considerando as competencias clave como elemento organizador
Materiais e recursos didácticos
Medidas de atención á diversidade
Accións de contribución ao plan TIC
Accións de contribución ao plan de convivencia
Educación en valores
Actividades complementarias e extraescolares
Procedementos para avaliar a propia programación

Aspectos procedimentais

Está entregada en prazo
Segue as directrices da CCP
Incorpora modificacións propostas na memoria do curso anterior
Está en galego

13.2.PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA E. PRIMARIA

Indicadores:

Introdución e contextualización
Contribución dende as áreas ao desenvolvemento das competencias clave
Obxectivos
Secuencia de contidos
Actividades
Temporalización
Criterios de avaliación
Mínimos esixibles para o logro das competencias clave
Procedementos de avaliación
Instrumentos de avaliación
Directrices e instrumentos para a realización da avaliación inicial
Actividades de recuperación e reforzos para lograr a dita recuperación
Metodoloxía didáctica, considerando as competencias clave como elemento organizador
Materiais e recursos didácticos, incluídos os libros de texto
Medidas de atención á diversidade
Programación da educación en valores
Accións de contribución ao proxecto lector
Accións de contribución ao plan TIC
Accións de contribución ao plan de convivencia
Accións de contribución ao proxecto lingüístico
Actividades complementarias e extraescolares
Procedementos para avaliar a propia programación

Aspectos procedimentais

Está entregada en prazo
Segue as directrices da CCP

Incorpora modificacións propostas na memoria do curso anterior
Está en galego

14. EDUCACIÓN EN VALORES

As accións previstas neste apartado están incluídas no Plan de Convivencia do centro. Segundo o Real Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia: «A área de Valores Sociais e Cívicos axuda, en gran medida, a garantir o dereito universal dos nenos e das nenas a recibir unha educación que lles permita desenvolverse ao máximo das súas posibilidades, formarse no respecto dos dereitos humanos e nas liberdades fundamentais e prepararse para asumir unha vida responsable nunha sociedade libre e tolerante coas diferenzas. Así mesmo, reforza a preparación das persoas para actuar como cidadáns participativos e implicados na mellora da cohesión, na defensa e no desenvolvemento da sociedade democrática».

Os elementos básicos do currículo estableceron unha serie de elementos transversais que deben traballarse en todas as materias:

- Comprensión lectora, expresión oral e escrita.
- Comunicación audiovisual e TIC.
- Emprendemento.
- Educación cívica e constitucional.

14.1. OBXECTIVOS CURRICULARES TRANSVERSAIS

- a) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- b) Coñecer e utilizar de forma apropiada a lingua galega e a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura en ambas as dúas linguas.
- c) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, das ciencias sociais, da xeografía, da historia e da cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- d) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- e) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo- sexual.
- f) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

14.2. ACTIVIDADES CURRICULARES TRANSVERSAIS

Comprensión lectora : traballar con láminas a lectura para lograr a súa comprensión e posterior reflexión mediante preguntas de tipo afirmativo e negativo.

Expresión oral e escrita: sobre a lámina facer unha descrición do que observan e posterior posta en común dentro do grupo- clase.

Comunicación audiovisual: uso axeitado da encerrado dixital, actividades online que

faciliten a aprendizaxe das diferentes áreas .

Emprendemento: traballaremos a resolución de conflitos a traves da posta en común.

15.LIÑAS XERAIS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

As liñas están incluídas no Plan de atención á diversidade do centro.

16. AVALIACIÓN

A avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto das áreas, tendo en conta as características do alumnado e o contexto sociocultural no que se atopa o centro.

16.1. AVALIACIÓN EN E. INFANTIL

A avaliación dos nenos e nenas en educación infantil ten, como principal obxectivo, ofrecer información de como se está desenvolvendo o proceso educativo para unha intervención máis axeitada cara a mellora. Para iso, a avaliación debe explicar e describir os progresos que os nenos e nenas realizan e as dificultades coas que se encontran, así como as estratexias e recursos que se poñen en xogo en dito proceso.

Na educación infantil, a avaliación atenderá a tódolos ámbitos da persoa e terá en conta a singularidade de cada alumno/a. Analizará o seu proceso de aprendizaxe, as súas características e as súas necesidades específicas. Subministraranos datos que nos axudarán a entender os procesos seguidos polos nenos /as.

A avaliación ten que ter un carácter procesual e continuo, polo que estará presente, de forma sistemática, no desenvolvemento de tódalas actividades e non só en momentos concretos e illados.

O proxecto propón unha avaliación: **global**, porque se referirá ó conxunto de capacidades expresadas nos obxectivos xerais do nivel da Educación Infantil, obxectivos que se adecuarán a cada contexto concreto e a cada alumno e a cada alumna; **continua**, porque se considerará un elemento inseparable do proceso de aprendizaxe dos nenos e das nenas; **formativa**, porque proporcionará unha información constante que permitirá adaptar a intervención educativa; e **aberta**, xa que se poderá adaptar ós diferentes contextos.

A avaliación terá en conta, polo tanto, os obxectivos xerais da Educación Infantil, as competencias básicas, os contidos curriculares dos distintos ámbitos de aprendizaxe e todos os criterios de avaliación establecidos. Estes aspectos quedarán reflectidos nos diferentes rexistros de avaliación:

-Rexistro de avaliación inicial: inclúe datos relevantes relacionados cos nenos e nenas e a súas familias, ademais dos seus hábitos e intereses.

-Rexistros de avaliación continua: donde se fai referencia aos criterios de avaliación establecidos para o nivel educativo correspondente. Determinarase se cada criterio de avaliación está: Conseguido/Non conseguido/En proceso; así mesmo deixarase un espazo para as posibles observacións de cada indicador.

-Observación directa e sistemática.

-Rexistro diario de incidencias.

-Diálogos cos nenos e nenas.

-Valoración das actividades e do traballo realizado ao longo da unidade.

- Observación do comportamento dos nenos e das nenas.
- Recollida de información por parte da familia e doutros membros do equipo docente.
- Rexistros de avaliación de cada unidade en función dos criterios de avaliación.
- Rexistros de avaliación trimestrais en función dos criterios de avaliación.
- Rexistro de avaliación da etapa en función dos mínimos exixibles para o logro das competencias básicas.

A información que se lles proporciona ás familias terá un carácter cualitativo, resaltaránse os progresos e os logros dos alumnos e das alumnas nas distintas áreas e as medidas de reforzo e adaptación levadas a cabo.

16.2. AVALIACIÓN EN E. PRIMARIA

Segundo o **Decreto 105/2014**, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, con respecto a avaliación terase en conta o seguinte:

1. Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións continua e final das disciplinas troncais, específicas e de libre configuración.
2. A avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto das áreas.
3. Estableceranse as medidas máis axeitadas para que as condicións de realización das avaliacións, incluída a avaliación de terceiro curso e a avaliación final de etapa, se adapten ás necesidades do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
4. No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno ou dunha alumna non sexa o axeitado estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.
5. Os mestres e as mestras avaliarán tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensinanza e a súa propia práctica docente, para o que establecerán indicadores de logro nas programacións docentes.
6. Co fin de garantir o dereito dos alumnos e alumnas a que o seu rendemento sexa valorado conforme criterios de plena obxectividade, os centros docentes adoptarán as medidas precisas para facer públicos e comunicar ás familias os criterios de avaliación, os estándares de aprendizaxe avaliábeis, as estratexias e instrumentos de avaliación, así como os criterios de promoción.
7. Os centros docentes realizarán unha avaliación individualizada a todos os alumnos e as alumnas ao rematar o terceiro curso de educación primaria, segundo dispoña a Consellería con competencias en materia de educación, na que se comprobará o grao de dominio das destrezas, as capacidades e as habilidades en expresión e comprensión oral e escrita, cálculo e resolución de problemas en relación co grao de adquisición da competencia en comunicación lingüística e da competencia matemática.
8. Ao rematar o sexto curso de educación primaria realizarase unha avaliación final individualizada a todos os alumnos e todas as alumnas, na que se comprobará o grao de adquisición da competencia en comunicación lingüística, da competencia matemática e das competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, así como o logro dos obxectivos da etapa. Para a avaliación utilizaranse como referentes os criterios de avaliación e os

estándares de aprendizaxe avaliábeis que figuran nos anexos I, II e III deste decreto. O nivel obtido por cada alumno ou alumna farase constar nun informe, que será entregado aos pais, ás nais ou ás persoas que exerzan a tutoría legal e que terá carácter informativo e orientador para os centros docentes nos que os alumnos e as alumnas cursasen o sexto curso de educación primaria e para aqueles nos que cursen o seguinte curso escolar, así como para os equipos docentes, os pais, as nais ou as persoas que exerzan a tutoría legal e os alumnos e as alumnas. O nivel obtido será indicativo dunha progresión e aprendizaxe adecuadas, ou da conveniencia da aplicación de programas dirixidos ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo ou doutras medidas.

9. Co fin de facilitar a transición desde a educación primaria á educación secundaria obrigatoria, os centros docentes prestaránlle unha especial atención á coordinación entre ambas as dúas etapas, para salvar as diferenzas pedagóxicas e organizativas e os desaxustes que se poidan producir no progreso académico do alumnado, para o que se terá en conta, entre outros mecanismos, o informe indicativo do nivel obtido na avaliación final de etapa.

10. A consellería con competencias en materia de educación poderá establecer plans específicos de mellora naqueles centros docentes públicos cuxos resultados sexan inferiores aos valores que, para tal obxecto, determine. En relación cos centros docentes concertados atenderase á normativa reguladora do concerto correspondente.

Promoción

1. O alumno ou a alumna accederá ao curso ou á etapa seguinte sempre que se considere que logrou os obxectivos que correspondan ao curso realizado ou os obxectivos da etapa, e que alcanzou o grao de adquisición das competencias correspondentes. De non ser así, poderá repetir unha soa vez durante a etapa, ao finalizar os cursos segundo, cuarto e sexto, cun plan específico de reforzo ou recuperación e apoio, que será organizado polos centros docentes de acordo co que estableza a consellería competente en materia educativa. A repetición considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe do alumnado. No resto dos cursos da etapa (primeiro, terceiro e quinto) a promoción será automática.

2. O equipo docente adoptará as decisións correspondentes sobre a promoción do alumnado tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor/a. Atenderase especialmente aos resultados das avaliacións individualizadas de terceiro curso de educación primaria e final de educación primaria.

Plan específico para permanecer un ano máis no mesmo curso

Esta medida irá acompañada dun Plan específico de reforzo e de recuperación arredor das competencias clave e aquelas áreas que faciliten a superación das dificultades de aprendizaxe. Para a elaboración deste plan seguiranse os seguintes pasos:

- Valoración do departamento de orientación.
- Farase en base aos datos que constan no departamento acerca do alumno/a.
- Plan de avaliación da linguaxe oral aplicado en Educación Infantil.
- Plan de avaliación inicial de Educación Primaria.
- Plans de seguimento de Educación Primaria que se aplican ao rematar cada nivel.
- Plans de avaliación das matemáticas que se aplican ao remate de cada nivel de Educación Primaria.
- Probas aplicadas en exclusiva a este alumno/a.

- Revisión do seu expediente no que poden constar informes médicos ou psicopedagóxicos, historial escolar.....
- Valoración psicopedagóxica ou aplicación de novas probas si se considera necesario.

Documentos oficiais de avaliación

1. Os documentos oficiais de avaliación son o expediente académico, as actas de avaliación, os documentos de avaliación final de etapa e de terceiro curso de educación primaria, o informe indicativo do nivel obtido na avaliación final de etapa, o historial académico e, no seu caso, o informe persoal por traslado. Os documentos oficiais de avaliación serán visados pola dirección do centro e levarán as sinaturas autógrafas das persoas que corresponda en cada caso. Ao carón constarán o nome e os apelidos de quen asina, así como a referencia ao cargo ou á atribución docente. O historial académico e, de ser o caso, o informe persoal por traslado, considéranse documentos básicos para garantir a mobilidade do alumnado por todo o territorio nacional.

2. Os resultados da avaliación expresaranse nos termos de Insuficiente (IN) para as cualificacións negativas, Suficiente (SU), Ben (BE), Notable (NT) ou Sobresaliente (SB) para as cualificacións positivas. A estes termos achegaráselles unha cualificación numérica, sen empregar decimais, nunha escala de un a dez, coas seguintes correspondencias:

-Insuficiente: 1, 2, 3 ou 4.

-Suficiente: 5.

-Ben: 6.

-Notable: 7 ou 8.

-Sobresaliente: 9 ou 10.

A nota media das cualificacións numéricas obtidas en cada unha das áreas será a media aritmética das cualificacións de todas elas, redondeada á centésima máis próxima e, en caso de equidistancia, á superior. Os centros docentes poderán propoñer o outorgamento dunha Mención Honorífica aos alumnos e ás alumnas que obtiveran Sobresaliente ao rematar educación primaria nunha área e que demostren un rendemento académico excelente, cuxo outorgamento corresponderá á consellería con competencias en materia de educación.

3. As actas de avaliación estenderanse para cada un dos cursos e pecharanse ao remate do período lectivo ordinario e na convocatoria das probas extraordinarias, no seu caso. Comprenderán a relación nominal do alumnado que compón o grupo xunto cos resultados da avaliación das áreas e as decisións sobre promoción e permanencia. As actas de avaliación serán asinadas polo titor ou a titora do grupo e levarán o visto e prace da dirección do centro.

4. O historial académico será estendido en impreso oficial, levará o visto e prace da dirección e terá valor acreditativo dos estudos realizados. Como mínimo recollerá os datos identificativos do ou da estudante, as disciplinas cursadas en cada un dos anos de escolarización, os resultados da avaliación en cada convocatoria (ordinaria ou extraordinaria), as decisións sobre promoción e permanencia, a media das cualificacións obtidas en cada unha das áreas, o nivel obtido na avaliación final de educación primaria, a información relativa aos cambios de centro, as medidas curriculares e organizativas aplicadas e as datas en que se produciron os diferentes feitos.

17.LIÑAS XERAIS DO PLAN DE ORIENTACIÓN E ACCIÓN TITORIAL

Están incluídas no Plan de Orientación e no Plan de Acción tutorial.

18. POTENCIACIÓN DAS RELACIÓNS COAS FAMILIAS E ASOCIACIÓNS LOCAIS

O noso centro potenciará as relacións con toda a comunidade educativa fomentando a colaboración das familias nas distintas actividades que se realicen ao longo do curso (celebracións, conmemoracións), e potenciará e facilitará as propostas e actividades plantexadas pola ANPA. A través das actividades da biblioteca, e cos proxectos que se estean a desenvolver no centro. Buscaremos a colaboración tanto de familias, Policía Local, Concello, asociacións e outros centros educativos, a ser posible públicos e da nosa zona de influencia.

Fomentaremos a colaboración activa das familias invitándoas ao centro a dar charlas, contacontos, etc...

Colaborar e participar naquelas actividades programadas polas diferentes entidades e asociacións do concello que se consideren oportunas e acorde cos obxectivos formulados neste PE.

Colaborar e participar nas actividades organizadas polo concello a través da concellería de educación e cultura, así como cos concellos próximos.

Facilitar o uso das instalacións do centro a aquelas entidades ou institucións que o soliciten e sempre e cando os seus obxectivos e fins estean de acordo co noso PE.

Cremos que esta colaboración é moi valiosa para todos.

a) Manterase continua relación e colaboración coas seguintes entidades:

- Policía Local e de tráfico.
- Servizos Sociais do Concello de Barbadás.
- Entidades non gubernamentais.
- Colaboración con diferentes Centros educativos da zona de Influencia.
- Instituto de Educación Secundaria “Xesús Ferro Couselo”.
- Museos e galerías da cidade de Ourense.
- Concello: EDLG e Educación. Tráfico e Mobilidade.

Un dos obxectivos é a implicación das familias no proxecto de mellora calidade educativa, darlles formación e estratexias para que continúen na casa coa labor iniciada no centro, darlles pautas para que axuden aos seus fillos/as a xestionar o tempo, a traballar xuntos na procura dunha autoestima positiva dos seus fillos/as, a que valoren o traballo, diálogo e contraste de experiencias, búsqueda de solucións, etc... Tamén estarán as familias, permanentemente informadas, do desenvolvemento do proceso educativo a través de todos os informes e entrevistas co profesorado responsable dos seus fillos/as.

Desde o centro, promoveremos a colaboración activa das familias na xestión do mesmo, a través dos órganos colexiados.

19. COORDINACIÓN ENTRE ETAPAS E NIVEIS

A coordinación entre as etapas e os niveis quedará reflectida a través das reunións entre os diferentes órganos de goberno da comunidade educativa, nas reunións

establecidas na Programación Xeral Anual.

20. COMEDOR ESCOLAR. PROTOCOLO DE FUNCIONAMENTO.

1.-Introducción. Normativa.

O comedor escolar do C.E.I.P “Filomena Dato” de A Valenzá (Barbadás-Ourense), é un comedor de *xestión directa da consellería con competencias en materia de educación*. Trátase dun comedor de tipo C, polo número de comensais: 188 prazas autorizadas.

A lexislación pola que se regula é a seguinte:

- DECRETO 132/2013, do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en materia de educación.
- Orde do 21 de febreiro de 2007 pola que se regula a organización, funcionamento e xestión do servizo de comedor escolar nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- Orde do 13 de xuño de 2008, pola que se modifica a do 21 de febreiro de 2007, pola que se regula a organización, funcionamento e xestión do servizo de comedor escolar nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación.
- Instrucción 2/2021, da secretaría xeral técnica da consellería de cultura, educación e ordenación universitaria, sobre funcionamento dos comedores escolares de xestión directa no curso escolar 2021-2022.

2.-Funcións do director/a.

Según a Orde do 21 de febreiro de 2007, artigo 11.2:

-Elaborar co equipo directivo, e de acordo coa comisión do servizo de comedor, o protocolo de funcionamento do servizo de comedor escolar, como parte integrante da programación xeral anual do centro.

-Dirixir e coordinar o servizo de comedor escolar e designar o persoal docente que voluntariamente participe nas tarefas de atención ao alumnado.

-Supervisar o correcto funcionamento do servizo de comedor prestado polo centro.

-Estudar e elaborar o proxecto de orzamento do servizo de comedor escolar.

-Autorizar os gastos, e ordenar os pagamentos necesarios para o seu bo funcionamento.

-Verificar o cobramento das cantidades correspondentes do servizo de comedor aos usuarios del.

-Facer as contratacións de subministración, se fora o caso, de acordo coa lexislación vixente.

-Coordinar as tarefas do persoal que preste servizos no comedor escolar.

-Presidir, se fora o caso, a comisión do servizo de comedor escolar.

-Velar polo cumprimento das normas sobre sanidade e hixiene, de acordo cos protocolos que para o efecto remitirá a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

-Calquera outra función necesaria para o correcto funcionamento do servizo.

3.-Funcións do encargado/a de comedor.

Según a Orde do 21 de febreiro de 2007, artigo 10.2:

-Coordinar un plan de actividades que permita o desenvolvemento de aspectos e normas relacionadas co hábito de saber comer, e de relación social na contorna do servizo de comedor escolar.

-Potenciar o desenvolvemento de actividades de lecer e tempo libre para dinamizar a atención e vixilancia do alumnado usuario.

-Executar as tarefas propias de coordinación e supervisión necesarios para o funcionamento do servizo de comedor.

-Organizar o funcionamento do servizo de comida de mediodía.

-Elaborar a actualización periódica do inventario do equipamento do servizo de comedor e a súa reposición.

-Elevar á dirección do centro propostas sobre control e mellora de menús, así como da distribución do orzamento e control do gasto, a través da comisión do servizo de comedor escolar a que se fai referencia no artigo 13.4º desta orde.

4.-Funcións dos colaboradores/as.

Según a Orde de 21 de febreiro de 2007, artigo 8.5:

O persoal de atención educativa, apoio e vixilancia do servizo de comedor, ademais da imprescindible presenza física durante a prestación do servizo no seu conxunto, desenvolverá as seguintes funcións:

a) Cumprir co labor de coidado, atención educativa ao alumnado e apoio ás actividades establecidas de acordo co programa anual do servizo de comedor escolar.

b) Coordinar tarefas relativas á educación para a saúde, adquisición de hábitos sociais e unha correcta utilización e conservación da menaxe de comedor.

c) Axudar os alumnos e as alumnas que, por idade ou necesidades asociadas a condicións persoais específicas de discapacidade, necesiten a colaboración e soporte dun adulto nas actividades de alimentación e aseo.

d) Informar o equipo directivo do centro, no modelo de impreso que este lles facilitará, de calquera incidencia relacionada co desenvolvemento do servizo de comedor, para que aquel o poña en coñecemento das familias.

e) Atención ao alumnado nos períodos de antes e despois do xantar, basicamente no exercicio e desenvolvemento de actividades programadas para eses períodos, atendendo ás orientacións do encargado do servizo de comedor escolar.

4.1.-Criterios para a selección de pais/nais colaboradores/as.

Nas tarefas de atención ao alumnado que utiliza o servizo de comedor escolar poderán participar o persoal docente, os/as monitores/as escolares e os/as coidadores/as de educación especial do centro e demais membros da comunidade educativa.

A directora nomeará colaboradores-as de comedor a tódolos docentes que o soliciten .

De non acadarse o número suficiente que esixe a normativa (a este centro correspóndenlle 8 colaboradores-as, polo número de comensais), os restantes seleccionaranse entre os pais-nais, titores/as legais e acolletores familiares que o soliciten.

Abrirase o prazo que marque a lei para solicitar colaboración no comedor escolar. De entre todos os solicitantes elixirase o número necesario. Os colaboradores-as seleccionaranse en base ós seguintes criterios:

- Tódolas condicións que esixa a normativa.
- Posuír títulos ou cursillos relacionados coa atención e coidado de nenos/as en idade escolar.
- Posuír títulos ou cursos sobre saúde, hixiene, hábitos sociais...
- Ter o carnet de manipulador de alimentos.
- Posuír cursos de primeiros auxilios e intervención en situacións de risco.

A lista de pais-nais colaboradores presentarase ao Consello Escolar antes do comenzo de curso.

O persoal colaborador adquire o compromiso de cumprir as funcións que esixe a normativa, de non facelo así, o equipo directivo prescindirá da súa colaboración, oído o Consello Escolar.

Asimesmo deberá avisar das súas ausencias, que deberán ser xustificadas, con tempo suficiente . De non facelo así, en varias ocasións, producirase o cesamento da súa colaboración.

O persoal colaborador que en cursos anteriores, causase problemas no comedor, non se admitirá a súa solicitude de colaboración.

5.-Organización diaria do servizo de comedor.

- 1.-O colaboradores/as, porán as mesas baixo as directrices da axudante de cociña.
- 2.-O persoal colaborador comerá de 13:30 h. a 14:00 h.
- 3.-Os colaboradores/as recollerán aos alumnos/as de E.I e de 1º e 2º de E.P. nas aulas, ás 14:05h, para acompañalos ó comedor. E aos alumnos/as de 3º de E.P. nas aulas, ás 14:10h.
- 4.-Cada colaborador/a encargarse de servir e da atención de dúas ou tres mesas, asignadas pola encargada de comedor.
- 5.-O resto do alumnado de Primaria accederá ao comedor unha vez que toque o timbre. Baixarán polas escaleiras ordenadamente e deixarán as mochilas e abrigos no lugar reservado para isto no hall do comedor.
- 6.-O alumnado sentarase no lugar asignado polo director/a, encargado/a de comedor ou colaboradoras/es. En cada mesa colocaranse nenos/as de diferentes cursos (agás cando a situación epidemiolóxica non o permita, como este ano, no que teñen que estar xuntos en cada mesa os alumnos/as do mesmo curso) e cambiaranse periodicamente para favorecer a convivencia entre todos os usuarios do comedor.
- 7.-En cada mesa nomearase un alumno/a dos cursos superiores encargado/a de recoller o menaxe xunto co colaborador/a. Cada semana cambiarase o encargado/a. (Este ano, este punto non se pode levar a cabo pola situación epidemiolóxica).
- 8.-Ao rematar á comida, os alumnos/as sairán de forma ordenada: curso a curso, comenzando por E.I ata 6º curso de E.P., e serán entregados pola porta de acceso de infantil, as súas familias.

6.-Normas do comedor escolar

- 1.-O servizo de comedor comezará ao rematar a xornada lectiva, de 14:15 horas a 15:15h.
- 2.-Os menús serán elaborados polo director/a xunto co encargado/a de comedor e a cociñeira/o, seguindo os criterios dunha alimentación sana e equilibrada. Este menú será o mesmo para todos os comensais. Non obstante, o alumnado do centro que teña algún tipo de intolerancia ou alerxia alimentaria, médicamente documentada, disporá dun menú adecuado ás súas necesidades. Estes alumnos/as sentaranse na mesma mesa e preto da cociña para evitar contaminacións. (En época de COVID, con distancia de seguridade).

- 3.-A programación dos menús exporase na páxina web do centro.
- 4.-Os alumnos/as irán ao baño antes de entrar no comedor e lavarán ás mans (en época de COVID tamén botarán xel hidroalcohólico). Durante a comida só irán de xeito racional e os alumnos/as de E.I acompañados dun colaborador/a.
- 5.-Os alumnos/as deberán probar todos os alimentos e comer cantidades racionais dos diferentes pratos que se sirven.
- 6.-Todos os alumnos/as terán os mesmos deberes e obrigas no comedor. Actuarán co debido respecto a todo o persoal de atención do servizo de comedor.
- 7.-O alumnado de comedor rexirase polos mesmos principios que o alumnado xeral, e a maiores, os redactados nas NOF. Calquera falta contraria ás normas de convivencia, así como falta de respecto cara o persoal que atende o comedor, será considerada como conduta contraria á convivencia e aplicaráselle as medidas reflectidas nas NOF.
- 9.-No caso de incumprimento das normas por parte do alumnado, o encargado/a cubrirá o parte de Rexistro de Incidencias que será trasladado á dirección do centro para que se adopten as medidas necesarias. Porase en coñecemento das familias e analizarase a posibilidade de sancionar ao alumno/a. E incluso, denegarlle o servizo de comedor como medida disciplinaria, en casos graves.

PARA AS FAMILIAS:

- 1.-No caso de ausencia xustificada AO comedor escolar, deben avisar coa máxima antelación posible. Hora tope: as 9:45 h. do propio día.
- 2.-Cumprir o horario de recollida do alumnado. De todos xeitos, aquel alumnado que teña que esperar ata as 15:30h. por si xurde algún imprevisto, farao na conserxería.
- 3.-As familias que lles corresponda deben abonar as cantidades correspondentes, según a instrucción da Consellería de Educación.

Os incumprimentos no pagamento dos prezos públicos de cada mes impedirán a utilización ao mes seguinte do comedor escolar, mentres non se proceda a oportuna regularización dos pagamentos, para o cal contarase cun prazo máximo de dous meses.

- 4.-As familias deberán inculcar aos nenos/as o respecto aos colaboradores/as de comedor e demais persoal, potenciando desde a casa uns hábitos alimenticios saudables e unha correcta actitude na mesa.
- 5.-Débense asumir as sancións en caso de mal comportamento reiterado dos seus fillos/as.

21. PLANS E PROXECTOS DO CENTRO

Normas de organización e funcionamento do centro –NOF

Plan de Fomento do uso do galego

Proxecto lingüístico

Plan TIC

Plan de autoprotección do centro

Plan do Departamento de Orientación

Plan de atención á diversidade – PAD

Plan de acción tutorial- PAT

Plan Anual de lectura

Proxecto Lector

Plan Proxecta: “Xogade”

22. AVALIACIÓN DO PE

O proxecto educativo e o seu grao de consecución será tamén avaliado e valorado na memoria anual, coa fin de que da súa análise se podan extraer conclusións que permitan introducir os cambios necesarios para a adecuación das actuacións do centro a dito proxecto, ou no seu caso, para introducir no mesmo as modificacións que a Comunidade Educativa a través do Consello Escolar considere oportunas.

TABOA DE AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO NO CEIP “FILOMENA DATO”

| TEMA A AVALIAR | RESPONSABLE | DOCUMENTO |
|--|---|------------------------------|
| Cumprimento do PE. | Consello escolar, Claustro e Equipo directivo | Memoria Final |
| A organización do Centro. | Claustro e Equipo directivo. | Memoria Final |
| A coordinación entre os órganos colectivos e persoais encargados do labor docente: equipo directivo, claustro, departamentos e titores/as. | Equipo directivo, CCP e Departamento de Orientación. | Memoria Final |
| A Metodoloxía empregada. | Ciclo de E. Infantil e Niveis E.P. | Memoria Final |
| Os materiais didácticos empregados. | Ciclo de E. Infantil e Niveis E.P. | Memoria Final |
| Os reforzos e apoio empregados. | Departamento de Orientación. | Memoria Final |
| As relacións coas familias e representates legais do alumnado. | Equipo Directivo e Titores/as. | Memoria Final |
| A convivencia: estado das relacións entre os distintos sectores da Comunidade Educativa. | Equipo directivo e Comisión de Convivencia do Consello Escolar. | Informe Final de Convivencia |

Este Proxecto Educativo, foi presentado ao CLAUSTRO, para a súa valoración e seguidamente é aprobado por unanimidade no CONSELLO ESCOLAR DO CEIP “FILOMENA DATO”, ás 17:00 horas do día 02 de novembro de 2021.

A Valenzá, a 02 de novembro de 2021

Vº e Prace

A DIRECTORA

A SECRETARIA

Asdo.: Patricia Piñeiro Losada

Asdo.: M^a del Mar Velasco Arias